

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE SETEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de setembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Real decreto-lei 28/2020, de 22 de setembro, de traballo a distancia. (Boletín Oficial do Estado número 253, do 23 de setembro de 2020.

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L., adxudicatária da obra denominada “Mellora de seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación de pavimento en Castrillón (Pravio)” Expediente: 2017/C003/000012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 12 de novembro de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* para a execución da obra denominada “*Mellora de seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación de pavimento en Castrillón (Pravio)*”
Expediente 2017/C003/000012

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal con data de 3 de outubro 2018 unha garantía definitiva por medio de un aval bancario nº 8916/1518 de data 24/09/2018 e importe de 2.727,02 euros e con número de rexistro 845, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal., con data do 29 de abril de 2020.

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 231/2020 emitido pola Intervención Municipal con data do 18 de agosto de 2020.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Excavaciones y Obras Candal, S.L.*”, con CIF B1549.... e enderezo na rúa A Brea, nº 52, Mesón do Vento, 15689 – Ordes (A Coruña), no expediente número 2017/C003/000012, para a execución da obra denominada “*Mellora de seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación de pavimento en Castrillón (Pravio)*”

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L. adxudicataria da obra “Ordenación e mellora da accesibilidade no entorno do campo da feira” obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a cofinanciación de ditas obras (convenio nº 73/2019 de 9 de outubro de 2019) Expediente: 2019/C003/000010

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000010 para a contratación por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “*Ordenación e mellora da accesibilidade no entorno do campo da feira*” obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a cofinanciación de ditas obras (convenio nº 73/2019 de 9 de outubro de 2019).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04 de agosto de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 13 de agosto de 2020.

Visto o Plan de Seguridade e Saude elaborado pola empresa adxudicataria e presentado polo coordinador de seguridade e saude, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, entidade que foi designada coordinadora da seguridade e saúde da obra por Resolución de Alcaldía nº 2636/2018 de 20 de decembro de 2018, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462, con entrada neste concello de data 1 de setembro de 2020 e rexistro de entrada 202099900002509.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2020 e número 202099900002482.

Visto o programa de traballo presentado pola empresa adxudicataria *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2020 e número 202099900002482.

Vistos os informes favorables emitidos con data 16 de setembro de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fíron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde realizado pola empresa adxudicataria das obras *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* de data 1 de setembro de 2020 e de conformidade co informe favorable de aprobación do Plan de Seguridade e Saude de data 1 de setembro de 2020, emitido polo coordinador de seguridade, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. aportado na obra “*Ordenación e mellora da accesibilidade no entorno do campo da feira*” Expte 2019/C003/000010

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Excavaciones y Obras Candal, S.L.*, para a execución da obra “*Ordenación e mellora da accesibilidade no entorno do campo da feira*” obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a cofinanciación de ditas obras (convenio nº 73/2019 de 9 de outubro de 2019) Expte 2019/C003/000010

Terceiro: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa *Excavaciones y Obras Candal S.L.*, para a execución da obra denominada “*Ordenación e mellora da accesibilidade no entorno do campo da feira*” obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a cofinanciación de ditas obras (convenio nº 73/2019 de 9 de outubro de 2019) Expte 2019/C003/000010

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Excavaciones y Obras Candal S.L.* e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3. Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. adxudicataria da obra “Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña,” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expediente: 2019/C003/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000007 para a contratación por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de xuño de 2020 polo que se adjudicou a obra á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 19 de xuño de 2020.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adjudicataria *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 2 de xullo de 2020 e número 202099900001685.

Visto o programa de traballo presentado pola empresa adjudicataria *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 2 de xullo de 2020 e número 202099900001685.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade IPRENOR, S.L.U., adjudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 28/08/2020 (exp. 2020/C004/000007).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adjudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada por a entidade IPRENOR, S.L.U., ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 18 de setembro de 2020 e rexistro de entrada 202099900002924.

Visto os informes favorables emitidos con data 21 de setembro de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* adjudicataria da obra “Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña,” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019
Expediente: 2019/C003/000007

Segundo: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.*, para a execución da obra denominada “Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña,” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019.
Expediente: 2019/C003/000007

Terceiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adjudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designado por a entidade IPRENOR,

S.L.U., para a execución da obra denominada “Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019 Expte 2019/C003/000007

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.*, e a Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaloo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.4. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saude, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L. adxudicataria da obra “Mellora da pavimentación no Paseo de A Barcala e o camiño de O Pombo, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019. Expediente: 2019/C003/000002

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000002 para a contratación por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “Mellora da pavimentación no Paseo de A Barcala e o camiño de O Pombo”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04 de agosto de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 12 de agosto de 2020.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2020 e número 202099900002482.

Visto o programa de traballo presentado pola empresa adxudicataria *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2020 e número 202099900002482.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade IPRENOR, S.L.U., adxudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 28/08/2020 (exp. 2020/C004/000007).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada por a entidade IPRENOR, S.L.U., ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 18 de setembro de 2020 e rexistro de entrada 202099900002936.

Visto os informes favorables emitidos con data 16 de setembro de 2020 e 21 de setembro de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Excavaciones y Obras Candal, S.L.*, para a execución da obra "Mellora da pavimentación no Paseo de A Barcala e o camiño de O Pombo", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expte 2019/C003/000002

Segundo: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa *Excavaciones y Obras Candal S.L.*, para a execución da obra denominada "Mellora da pavimentación no Paseo de A Barcala e o camiño de O Pombo", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expte 2019/C003/000002.

Terceiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designado por a entidade IPRENOR, S.L.U., para a execución da obra denominada "Mellora da pavimentación no Paseo de A Barcala e o camiño de O Pombo", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expte 2019/C003/000002.

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Excavaciones y Obras Candal S.L.*, e a Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.5 Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saude, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. adxudicataria da obra “Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín,” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expediente: 2019/C003/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000004 para a contratación por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de xuño de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 19 de xuño de 2020.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 2 de xullo de 2020 e número 202099900001678.

Visto o programa de traballo presentado pola empresa adxudicataria *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 2 de xullo de 2020 e número 202099900001678.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade IPRENOR, S.L.U., adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 28/08/2020 (exp. 2020/C004/000007).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada por a entidade IPRENOR, S.L.U., ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 18 de setembro de 2020 e rexistro de entrada 202099900002925.

Visto os informes favorables emitidos con data 21 de setembro de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* adxudicataria da obra “Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín,” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expediente: 2019/C003/000004

Segundo: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.*, para a execución da obra denominada “Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín,” obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019. Expediente: 2019/C003/000004

Terceiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designado por a entidade IPRENOR, S.L.U., para a execución da obra denominada “Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019 Expte 2019/C003/000004

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.*, e a Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.6. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saude, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L. adxudicataria da obra “Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expediente: 2019/C003/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C003/000003 para a contratación por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) da obra “Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04 de agosto de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 12 de agosto de 2020.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2020 e número 202099900002485.

Visto o programa de traballo presentado pola empresa adxudicataria *Excavaciones y Obras Candal, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2020 e número 202099900002485.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade IPRENOR, S.L.U , adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 28/08/2020 (exp. 2020/C004/000007).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designada por a entidade IPRENOR, S.L.U., ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 18 de setembro de 2020 e rexistro de entrada 202099900002938.

Visto os informes favorables emitidos con data 16 de setembro de 2020 e 21 de setembro de 2020 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Excavaciones y Obras Candal, S.L.*, para a execución da obra “Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 Expte 2019/C003/000003

Segundo: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa *Excavaciones y Obras Candal S.L.*, para a execución da obra denominada “Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019 Expte 2019/C003/000003.

Terceiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, designado por a entidade IPRENOR, S.L.U., para a execución da obra denominada “Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo de O Temple”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019 Expte 2019/C003/000003

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Excavaciones y Obras Candal S.L.*, e a Dona Laura López Santiago, coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 18 ao 24 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 1373/2020 e remata coa resolución da alcaldía número 1406/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1373/2020	18-09-2020	Amortización parcial dos préstamos núm. 0182 6244 0083 00000000000002 e 0182 6244 0895 60244201 concertados con o BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.
1374/2020	18-09-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de setembro de 2020



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1375/2020	18-09-2020	Contrato menor revisión e limpeza dos canalóns de polideportivos municipais e edificios culturais
1376/2020	18-09-2020	Aprobación definitiva proxecto urbanización plan sectorización sau bd8 Quintan
1377/2020	20-09-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 83.602,03 euros
1378/2020	20-09-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 103.717,14€
1379/2020	20-09-2020	Aprobación de gastos liquidacións escolas infantis Consorcio Galego, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 156.287,32 €
1380/2020	21-09-2020	Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde obra "drenaje transversal (odt) en camino 392 sobre el rio Brexa ao seu paso por San Paio
1381/2020	21-09-2020	Subministración dunha carpa e bandeirolas identificativas para o programa Son de Bares.
1382/2020	21-09-2020	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 24 de setembro de 2020
1383/2020	21-09-2020	Aprobación de documentación xustificativa Convenio Sementeira 2019 e reintegro parcial da subvención
1384/2020	21-09-2020	Conceder a licenza municipal para realizar un recheo de 14 fincas degradadas por unha explotación mineira sita en Bribes Pequeno, parroquia de Bribes Solicitante: VCM
1385/2020	21-09-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica para unha bomba de rega existente na finca sita en Lendoiro, Cecebre. Solicitante: UFD DE, S.A.
1386/2020	21-09-2020	Conceder a licenza municipal para unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita en Bandebó, Brexo. Solicitante: UFD DE, S.A.
1387/2020	21-09-2020	Pago acumulación MOC
1388/2020	21-09-2020	Nulidade da resolución nº 1328/2020 de data 14/09/2020 pola que se adxudica o contrato menor mediante o sistema de vale pedido a Gestión Contenedores de la Coruña SL
1389/2020	21-09-2020	CM Play Plan: A música rap
1390/2020	22-09-2020	Substitución de tubaxe do abastecemento no polígono do Espirito Santo
1391/2020	22-09-2020	Expediente de reposición da legalidade urbanística por obras realizadas en Pombo, Pravio. Propiedade: MST/MdelCSG
1392/2020	23-09-2020	Substitución de tubaxe do abastecemento no polígono do Espirito Santo
1393/2020	23-09-2020	CM Paporrubio _Cult Camiño 20
1394/2020	23-09-2020	CM Pista Catro SL "JANO SEN MEDIDAS"
1395/2020	23-09-2020	Coordinación de seguridade e saúde para a obra de acondicionamento do rio Mero
1396/2020	23-09-2020	CM a Urdime S. Coop. Galega : XAROPE TULÚ / REDE CULTURAL
1397/2020	23-09-2020	Aprobación da achega 2018-2019 rectificado 2017 do transporte metropolitano por importe de 98.042,62 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1398/2020	23-09-2020	Primeiras alegacións non identificar ao condutor
1399/2020	23-09-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1400/2020	23-09-2020	Primeiras alegacións ordinario
1401/2020	23-09-2020	Orde de execución por vertido de augas en Casa Arrigada desde a Urbanización Arrigada, provocando o derrumbe dun muro e humidade na edificación.
1402/2020	23-09-2020	Licenza para a legalización da edificación do pavillon polideportivo de Anceis promovido pola Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis
1403/2020	24-09-2020	Corrección de erros : notificación adxudicación de CM a LUME
1404/2020	24-09-2020	Levantamento omisión de fiscalización. aprobación de convenios prácticas alumnos Plan AFD Curso "Soldadura oxigás e MIG MAG"
1406/2020	24-09-2020	Compensación económica ás empresas colaboradoras na realización de prácticas profesionais do alumnado do plan afd 2019-2020. especialidade "soldadura oxigás e soldadura mig mag"

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Setex Aparki, S.A.*, adxudicataria do "Servizo de grúa para a retirada de vehículos das vías públicas, traslado e depósito á nave correspondente no Concello de Cambre". Expediente 2010/15-11 SERV

- Proposta de adxudicación do servizo de "Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil na Casa da Xuventude – Casa Palmeiras, do Concello de Cambre", a prol do licitador "Serviplustotal, S.L.", no prezo anual ofertado de 25.822,00 euros sen IVE 28.404,20 euros IVE incluído, sendo o importe total para os dous anos de contrato 51.644,00 euros sen IVE, 56.808,40 euros IVE incluído. Expte: 2020/C004/000004

- Baixa do vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, que forma parte da flota de vehículos patrulla da Policía Local, e adxudicación á empresa "Desguaces Armonía S.L." no prezo ofertado de 300 euros. Expediente: 2020/X006/000211.

- Proposta de adxudicación do contrato para a execución da obra de "Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, Cambre" á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L no prezo ofertado de 38.931,48 € sen IVE, 47.107,09 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000135

- Proposta de adxudicación do contrato para a execución da "Obra de drenaxe transversal (ODT) no camiño 392 sobre o río Brexa ao seu paso por San Paio" á empresa ALVAC S.A. no prezo ofertado de 39.606,54 € sen IVE, 47.923,21 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000141

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Setex Aparki, S.A., adxudicataria do “Servizo de grua para a retirada de vehiculos das vías públicas, traslado e depósito á nave correspondente no Concello de Cambre”. Expediente 2010/15-11 SERV

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 24 de agosto de 2010, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Setex Aparki, S.A. para o “Servizo de grua para a retirada de vehiculos das vías públicas, traslado e depósito á nave correspondente no Concello de Cambre”. Expediente 2010/15-11 SERV

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva mediante seguro de caución depositado na tesourería municipal con data 30/07/2010 por importe de 3.225,60 euros con número de rexistro 465.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo inspector da policía local con data 18/12/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 24 de setembro de 2020.

A teor do establecido nos arts. 90, 205.3, 283 da Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Setex Aparki, S.A.”, con CIF A2895.... e enderezo na Rúa Zurbano, Nº76, baixo, 28010, Madrid, no expediente número 12/12-5 SERV, para o “Servizo de grua para a retirada de vehiculos das vías públicas, traslado e depósito á nave correspondente no Concello de Cambre”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adjudicación do servizo de “Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil na Casa da Xuventude – Casa Palmeiras, do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Serviplustotal, S.L.”, no prezo anual ofertado de 25.822,00 euros sen IVE 28.404,20 euros IVE incluído, sendo o importe total para os dous anos de contrato 51.644,00 euros sen IVE, 56.808,40 euros IVE incluído. Expte: 2020/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000004 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) do servizo de “Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil na Casa da Xuventude – Casa Palmeiras, do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 65.988,45 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 14 de agosto de 2020, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adjudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación, a prol do licitador “Serviplustotal, S.L”, no prezo anual ofertado de 25.822,00 euros sen IVE, 28.404,20 euros IVE incluído, sendo o importe total para os dous anos de contrato 51.644,00 euros sen IVE, 56.808,40 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do animador xuvenil municipal de data do 22 de setembro de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 25 de setembro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 282/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 27/09/2020

Á vista do establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada

mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 5 de marzo de 2020 e 14 de agosto de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 9 e 10.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares e aportar debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do citado prego :

- Axiña Servicios Deportivos, S.L.
- Cambre Ocio, S.L.
- Serviplus total, S.L.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación de data 14 de agosto de 2020 e de conformidade co informe emitido polo animador xuvenil municipal con data de 13 de agosto de 2020, que consta transcrito na Acta da citada Mesa de Contratación de data 14 de agosto de 2020, as puntuacións correspondentes aos criterios non evaluables mediante fórmulas que constan na cláusula 13.2.b) do PCAP (proxecto de execución do servizo para dous anos):

Puntuacións totais Proxecto de execución do servizo (para 2 anos):

Entidade	Proxecto de execución do servizo
Cambre Ocio SL	22,50 puntos
Axiña Servicios Deportivos SL	16,00 puntos
Serviplus total SL	9,00 puntos

O desglose de puntuacións obtidas polas entidades licitadoras nos criterios non matemáticos, segundo o establecido na cláusula 13.2.b) do PCAP é a seguinte :

Entidade	Filosofía e principios rectores do traballo cos xóvenes	Metodoloxía de traballo	Programa de actividades	Total
Axiña Servicios Deportivos, S.L.	3,00	4,50	8,50	16
Serviplus Total, S.L.	1,25	2,75	5	9
Cambre Ocio, S.L.	6	5	11,5	22,50

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 14 de agosto de 2020, a puntuación correspondente ás ofertas económicas (criterio evaluable mediante fórmulas), así como os cálculos para a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a 24.370,57 euros sen IVE:

OFERTA ECONOMICA - Máx. 76 puntos

AXIÑA		CAMBREOCIO		SERVIPLUSTOTAL	
TOTAL S/I	26919,99	TOTAL S/I	28493,23	TOTAL S/I	25822,00
TOTAL C/I	29611,99	TOTAL C/I	31342,55	TOTAL C/I	28404,20
BAIXA	3074,76	BAIXA	1501,52	BAIXA	4172,75
BAIXA%	10,25%	BAIXA%	5,01%	BAIXA%	13,91%
PUNTOS	56,00	PUNTOS	27,35	PUNTOS	76,00

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, as seguintes puntuacións totais e a correspondente orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	Puntuación proxecto de execución	Puntuación oferta económica	TOTAL
Serviplus total SL	9	76	85
Axiña Servicios Deportivos SL	16	56	72
Cambre Ocio SL	22,5	27,35	49,85

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 14 de agosto de 2020, adxudicar o servizo de "Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil na Casa da Xuventude – Casa Palmeiras, do Concello de Cambre", a prol da entidade "Serviplustotal, S.L.", con NIF B-700***** e domicilio na rúa Teresa Herrera 1 baixo -15679 Cambre (A Coruña), no prezo anual ofertado de 25.822,00 euros sen IVE 28.404,20 euros IVE incluído, ascendendo o importe total para os dous anos de contrato a 51.644 euros sen IVE, 56.808 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtivo a maior puntuación en aplicación dos criterios que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente expediente, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación se atopan, especialmente, no prezo ofertado, criterio no que a entidade obtivo a maior puntuación deste apartado, tendo en conta, así mesmo, o proxecto de execución do servizo ofertado.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 25.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

Ademáis, antes do inicio da execución do contrato, a entidade adxudicataria deberá presentar a documentación relativa ao persoal adscrito á execución do contrato, en concreto, os contratos e demais documentos previstos nos puntos 2 a 5 da cláusula 15.J) do Prego de cláusulas administrativas particulares, incluídas as certificacións negativas do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A falta de presentación dalgún dos documentos esixidos na cláusula 15.J) dará lugar á resolución do contrato e incautación da garantía definitiva, isto segundo o establecido na cláusula 17.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: De acordo co establecido na cláusula 17.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, designar como responsable do contrato ao coordinador de Cultura e Educación municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Ademáis, e con carácter previo ao comezo da execución do contrato ou prestación do servizo, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais adscritos ao mesmo, e por tanto, figuran no expediente de contratación os contratos formalizados e demais documentos relacionados nos puntos 2 a 5 da cláusula 15. J), isto segundo o establecido na cláusula 17.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Baixa do vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, que forma parte da flota de vehículos patrulla da Policía Local, e adxudicación á empresa “Desguaces Armonía S.L.” no prezo ofertado de 300 euros. Expediente: 2020/X006/000211.

Vista a proposta da Alcaldía de data 28 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e tres de xuño de dous mil vinte, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*«3º. Proposta de baixa do vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, que forma parte da flota de vehículos patrulla da Policía Local, e adxudicación á empresa “Desguaces Armonía S.L.” no prezo ofertado de 300 euros sen IVE (363 euros, IVE incluído).
Expediente: 2020/G006/000076.*

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o informe emitido polo inspector da Policía Local con data do 12 de maio de 2020 no que fai constar que vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, que forma parte da flota de vehículos patrulla da Policía Local, finalizou a súa vida útil (sendo o seu prezo inferior ao 25% do seu valor de adquisición, de conformidade co establecido no artigo 143.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas), polo que propón dar de baixa definitiva o vehículo e aceptar a oferta presentada pola entidade “Desguaces Armonía S.L.”, empresa autorizada para a xestión de vehículos ao final da súa vida útil, por importe de 363, IVE incluído.

Visto que consta no expediente copia da escritura número de protocolo 447, de 17 de marzo de 2014, de constitución da sociedade limitada, outorgada por don Juan Cora Guerreiro, copia da escritura número de protocolo 628, de 1 de abril de 2016, de poder mercantil a favor de don Francisco Insua Lema, DNI 76365917Y, outorgada por don Juan Cora Guerreiro.

Visto que consta, así mesmo, documento asinado dixitalmente por don Francisco Lema Ínsua no que se recolle a declaración responsable asinada polo apoderado conforme a empresa non está declarada en concurso, nin foi declarada insolvente en ningún procedemento, nin está suxeita a intervención xudicial nin foi inhabilitada conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, así como a oferta por un importe de 363 euros, IVE incluído. Visto que o citado vehículo consta codificado no Inventario de Bens e Dereitos Municipal ao número 5.0.00017.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral con data de 18 de xuño de 2020.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: *Clasificar o vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, utilizado pola Policía Local de*

Cambre, como ben patrimonial coa consideración de efecto non utilizable, ao amparo do establecido no artigo 7, apartados 1 e 4, do Real Decreto 1372, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e 143.1 e 2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Segundo: Aceptar a oferta presentada pola empresa "Desguaces Armonía SL", con CIF B70406434, e adxudicarlle a eliminación e tratamento residual do citado vehículo no prezo ofertado de 363 euros, IVE incluído (300 euros sen IVE), debendo remitir a este Concello certificado de destrución e xustificante da baixa anotada na Dirección Xeral de Tráfico.

O ingreso deberá ser comunicado ao Concello de Cambre por calquera medio que permita a súa constancia e realizarse en calquera das seguintes contas bancarias indicando no concepto "baixa vehículo 5794GTZ policía local":

BBVAIBAN ES79 0182-6244-4500-1000-0306

CaixabankIBAN ES56 2100-2459-1402-0000-0804

Banco de Santander.....IBAN ES13 0049-3063-3721-1400-3540

Banco Pastor IBAN ES44 0238-8125-5606-6000-0173

Abanca.IBAN ES10 2080-5531-0931-1000-0158

Terceiro: Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma electrónica TEdE, á técnica de xestión de administración xeral adscrita á área de Secretaría co fin de que tramite a incorporación da presente resolución ao Inventario de Bens e Dereitos deste Concello, procedendo á baixa do citado vehículo.

Cuarto: Dar traslado a través da plataforma electrónica TEdE á Tesourería e Intervención Municipais, á Policía Local e ao departamento de Réxime Interior.

Quinto: Notificar á empresa adxudicataria, indicándolle que esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa.

A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso; todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita».

Visto o documento de recoñecemento de dereitos emitido pola Intervención Municipal con data de 7 de agosto de 2020 polo citado importe total de 363 euros (imputable á aplicación económica "61900 Enajenación de outras

inversiones reales" o importe de 300,00 euros, e á "aplicación non presupuestaria "91.001 - I.V.A. 91001 HACIENDA PBCA.IVA REPERCUTIDO-" o importe de 63 euros).

Visto que pola empresa "Desguaces Armonía S.L." se comunica mediante correo electrónico de data 10 de setembro de 2020 que por tratarse dun importe que inclúe IVE é preciso que o Concello remita a oportuna factura para poder efectuar o ingreso.

Visto que pola Intervención Municipal se comunica que por este concepto o Concello non pode cobrar IVE, segundo a Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Impuesto sobre o Valor Engadido, e se require desta alcaldía de dicte unha nova proposta na que exclúa da aceptación da oferta o importe correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Clasificar o vehículo marca Seat, modelo Altea, con placas de matrícula 5794GTZ, número de identificación VSSZZZ5PZAR026059, matriculado o 16 de marzo de 2010, utilizado pola Policía Local de Cambre, como ben patrimonial coa consideración de efecto non utilizable, ao amparo do establecido no artigo 7, apartados 1 e 4, do Real Decreto 1372, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e 143.1 e 2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Segundo: Aceptar a oferta presentada pola empresa "Desguaces Armonía SL", con CIF B70406434, e adxudicarlle a eliminación e tratamento residual do citado vehículo no prezo ofertado de trescentos euros (300 €), debendo remitir a este Concello certificado de destrución e xustificante da baixa anotada na Dirección Xeral de Tráfico.

O ingreso deberá ser comunicado ao Concello de Cambre por calquera medio que permita a súa constancia e realizarse en calquera das seguintes contas bancarias indicando no concepto "baixa vehículo 5794GTZ policía local":

BBVAIBAN ES79 0182-6244-4500-1000-0306

CaixabankIBAN ES56 2100-2459-1402-0000-0804

Banco de Santander.....IBAN ES13 0049-3063-3721-1400-3540

Abanca.IBAN ES10 2080-5531-0931-1000-0158

Terceiro: Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma electrónica TEDeC, á técnica de xestión de administración xeral adscrita á área de Secretaría co fin de que tramite a incorporación do presente acordo ao Inventario de Bens e Dereitos deste Concello, procedendo á baixa do citado vehículo.

Cuarto: Dar traslado a través da plataforma electrónica TEDeC á Tesourería e Intervención Municipais, á Policía Local e ao departamento de Réxime Interior.

Quinto: Notificar á empresa adxudicataria, indicándolle que este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa.

A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. O prazo para interpoñer o recurso de

reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso; todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adxudicación do contrato para a execución da obra de “Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, Cambre” á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L no prezo ofertado de 38.931,48 € sen IVE, 47.107,09 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000135

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 25/08/2020 elaborouse por don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal, o documento de “Descrición técnica para as obras de mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, Cambre”, cun orzamento de 47.712,09 € (IVE incluído).

Con data 26/08/2020 o arquitecto municipal elaborou as prescicións técnicas para a contratación de dita obra, así como informe proposta para a contratación.

Con data 27/08/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de mellorar o entorno e optimizar as condicións do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, dada a situación de inseguridade funcional para os usuarios e para o propio equipamento ante o inicio do novo curso escolar. Isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP .

Con data 27/08/2020, e posteriormente con data 28/09/2020, emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342.62200, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 3/09/2020 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- NARÓN SERVICIOS MEDIO AMBIENTE SL
- ARKIVOLTA SL CONTRUCCIÓN Y MATENIMIENTOS
- CANARGA, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta IVE incluído
---------	---------------------

NARÓN SERVICIOS MEDIO AMBIENTE SL	47.107,09 €
ARKIVOLTA SL CONTRUCCIÓN Y MATENIMIENTOS	47.710,30 €
CANARGA SL	47.712,09 €

formulando proposta de adxudicación das obras de “Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, Cambre”, á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L. con NIF B700****, domicilio no Lugar de Pe do Muíño 17 Meirás - 15160 Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 38.931,48 € sen IVE, 47.107,09 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 25 de setembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 284/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 28 de setembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre, contempladas no artigo 25.2.l) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento de “Descrición técnica para as obras de mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, Cambre”, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de 39.431,48 euros sen IVE (47.712,09 € IVE incluído), así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62200.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000135, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato das obras de “Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, Cambre”, á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L., con NIF B700**** e domicilio no Lugar do Pé do Muíño 17 Meirás - 15160 Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 38.931,48 € sen IVE, 47.107,09 € IVE

incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como director de obra e responsable do contrato a don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde da obra corresponderalle á entidade que resulte adxudicataria da tramitación do expediente de contratación incoado para o efecto, exp. nº 2020/C002/000170.

Sétimo: Notifíquese a don José Ramón Díaz Barbeito, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, así como á entidade adxudicataria da coordinación de seguridade e saúde que resulte da tramitación do expediente 2020/C002/000170, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Proposta de adjudicación do contrato para a execución da “Obra de drenaxe transversal (ODT) no camiño 392 sobre o río Brexa ao seu paso por San Paio” á empresa ALVAC S.A. no prezo ofertado de 39.606,54 € sen IVE, 47.923,21 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000141

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 21/08/2020 elaborouse por Alejandro Peña López, enxeñeiro de Camiños, canles e portos (colexiado nº 14.385), proxecto de construción correspondente á obra de drenaxe transversal (ODT) no camiño 392 sobre o río Brexa ao seu paso por San Paio, cun orzamento de 39.806,54 euros sen IVE, 48.165,91€ IVE incluído. Dito proxecto conta co informe de conformidade técnica elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal con data do 21/09/2020.

Con data 27/08/2020, e rexistro de saída núm. 202090000000620, enviouse solicitude de autorización urxente a Augas de Galicia para a execución da obra.

Con data 04/09/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos e polo alcalde, motivado na necesidade de acondicionar o camiño 392, de titularidade municipal, actualmente cortado ao paso de vehículos e peóns por un deslizamento do talud que sostén o camiño. Este deslizamento produciuse pola acción da auga do río, polo que resulta necesario e urxente facer unha obra de drenaxe transversal durante a estación de verán, na que as augas están baixas. De non ser así, habería que esperar ata o seguinte verán ocasionando un grave perxuízo aos veciños que se ven obrigados a dar un rodeo de 2,8 kilómetros aproximadamente. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP .

Con data 27/08/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 459 61900, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 15/09/2020 emítese informe pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- ALVAC SA
- ELAYCO S.L.
- CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	39.806,04 €	48.165,91 €
ELAYCO SL	39.785,98 €	48.141,04 €
ALVAC SA	39.606,54 €	47.923,91 €

formulando proposta de adxudicación da "Obra de drenaxe transversal (ODT) no camiño 392 sobre o río Brexa ao seu paso por San Paio", á empresa ALVAC S.A. con NIF A400****, domicilio en Polígono industrial de Bergondo, parcela R-29 - 15165 Bergondo (A Coruña), no prezo ofertado de 39.606,54 € sen IVE, 47.923,21 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 25 de setembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 285/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 28 de setembro de 2020.

Vista acta de replanteo de data 28 de setembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, contempladas no artigo 25.2.d) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o proxecto da “Obra de drenaxe transversal (ODT) no camiño 392 sobre o río Brexa ao seu paso por San Paio”, elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Alejandro Peña López, cun orzamento de 39.806,54 euros sen IVE, 48.165,91€ IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 459 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000141, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato da “Obra de drenaxe transversal (ODT) no camiño 392 sobre o río Brexa ao seu paso por San Paio” á empresa ALVAC S.A. con NIF A400*****, e domicilio no Polígono industrial de Bergondo, parcela R-29 - 15165 Bergondo (A Coruña), no prezo ofertado de 39.606,54 € sen IVE, 47.923,21 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa.

As obras de referencia deberán executarse de acordo coas condicións xerais e particulares que constan na autorización expedida por Augas de Galicia con data 18/09/2020 (clave DH.W15.72875), e rexistrada de entrada no Concello de Cambre con data 24/09/2020.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: A dirección da obra e coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á entidade “L2 Ingeniería Consulting Galicia SCP”, en virtude de expediente de contratación menor nº 2020/C002/000143.

Sen prexuízo das facultades que se atribúen ao director facultativo polo artigo 62.2 da LCSP, désígnase responsable municipal do contrato á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados e á entidade encargada da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde “L2 Ingeniería Consulting Galicia SCP”, facéndolles saber que, de



conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia